

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

9545 *Real decreto 751/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento interno do Consello da Garda Civil.*

I

A Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, regula no seu título VII o Consello da Garda Civil, un novo órgano colexiado en que participarán representantes dos membros da Garda Civil e da Administración, co fin de mellorar tanto as condicións profesionais dos gardas civís como o funcionamento da propia institución.

O citado Consello substituíu desde a súa constitución, e en virtude da disposición transitoria segunda da mesma lei orgánica, o Consello Asesor de Persoal da Garda Civil, cuxa composición, funcionamento e procedemento de elección dos seus membros se encontraba regulado no Real decreto 4/2002, do 11 de xaneiro, polo que se determina a composición, o funcionamento e o procedemento de elección dos membros do Consello Asesor de Persoal do corpo da Garda Civil e o réxime aplicable a eles.

Pola súa parte, e en virtude do número 1.a) do artigo 53 da citada lei orgánica, serán os propios gardas civís os que, mediante sufraxio persoal, libre, directo e secreto, elixirán os seus representantes no Consello.

A este respecto, o Real decreto 1963/2008, do 28 de novembro, polo que se desenvolve o réxime electoral do Consello da Garda Civil, permitiu a realización das primeiras eleccións en que se determinou a composición do Consello en canto aos representantes dos membros da Garda Civil nel. Posteriormente e conforme o establecido no número 1.b) do artigo 53 da mesma lei orgánica, foron designados tamén os vogais en representación da Administración xeral do Estado no Consello da Garda Civil. Esta composición do Consello será renovada con ocasión da realización de sucesivas eleccións ao Consello.

Por último, o artigo 55 da citada lei orgánica determina que mediante real decreto se establecerá o Regulamento de organización e funcionamento interno do Consello da Garda Civil.

Por todo isto, este real decreto supón dar cumprimento ao mandato citado no parágrafo anterior, e constitúe, en unión da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, o marco legal fundamental en que se regula a organización e o funcionamento interno do Consello da Garda Civil.

II

En canto ao contido do real decreto, ademais de incluír as premisas que ao respecto establece a lei orgánica, incorpora numerosos aspectos que a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece no capítulo II do título II para os órganos colexiados, así como outras cuestións que resultaron positivas na regulación da organización e funcionamento do Consello Asesor de Persoal da Garda Civil.

Atribúenselle ao Consello da Garda Civil as funcións xa establecidas na Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, ás cales se lles une a recollida na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil, respecto á emisión de informes nos expedientes disciplinarios instruídos por faltas graves ou moi graves a membros do Consello. Así mesmo, inclúese tamén a función de analizar e valorar aquelas outras cuestións que, dentro do seu ámbito de competencia, lle sexan solicitadas por determinadas autoridades.

Regúlase o estatuto dos vogais, facendo referencia aos seus dereitos e deberes, e determinanse as causas da perda da condición de vogal e a competencia disciplinaria sobre eles.

En canto á organización do Consello propiamente dita, establécense cales son os seus órganos de goberno e administración, onde se recollen as figuras propias dos órganos colexiados, como son o presidente e o secretario. Para auxiliar este último nas súas funcións, existirá unha oficina de apoio.

Por último, o real decreto aborda o funcionamento do Consello, tanto na sesións plenarias como en comisións, onde, seguindo as premisas fundamentais que respecto aos órganos colexiados recolle o capítulo segundo do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se determinan, entre outros aspectos, o contido das convocatorias das sesións do Consello, o modo de deliberar e adoptar acordos e o contido e formalidades da acta das reunións que teñan lugar.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior e da ministra de Defensa, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, co informe da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de xuño de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. Aprobación do Regulamento de organización e funcionamento interno do Consello da Garda Civil.

Apróbase o Regulamento de organización e funcionamento interno do Consello da Garda Civil, cuxo texto se inclúe a continuación.

Disposición adicional primeira. Supresión da Secretaría Permanente do Consello Asesor de Persoal.

Queda suprimida a Secretaría Permanente do Consello Asesor de Persoal. O persoal que se encontraba destinado na Secretaría Permanente do Consello Asesor de Persoal no momento da entrada en vigor deste real decreto integrárase na nova oficina de apoio, conservando a antigüidade e demais dereitos profesionais que ten recoñecidos no seu actual destino.

Disposición adicional segunda. Oficina de Atención ao Garda Civil.

Na Oficina de Apoio integrárase a Oficina de Atención ao Garda Civil, que terá como misión informar e orientar o persoal deste corpo sobre asuntos de carácter individual, relacionados con aspectos xurídicos, administrativos, sociais ou profesionais.

Á dita oficina poderán igualmente dirixirse os que desempeñen a representación das asociacións profesionais validamente constituídas, para obteren información sobre asuntos relacionados cos intereses sociais, económicos e profesionais dos seus asociados.

Os asuntos referidos nos dous parágrafos anteriores non afectarán cuestións relativas ao servizo, mando ou disciplina.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Quedan derogadas todas aquelas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ou contradigan o previsto neste real decreto e, en especial, o Real decreto 4/2002, do 11 de xaneiro, polo que se determina a composición, o funcionamento e o procedemento de elección dos membros do Consello Asesor de Persoal do corpo da Garda Civil e o réxime aplicable a eles.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación supletoria.*

En todo aquilo non previsto no presente real decreto observarse o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no que lle sexa de aplicación.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de xuño de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO INTERNO DO CONSELLO DA GARDA CIVIL

TÍTULO PRELIMINAR

Do Consello da Garda Civil

Artigo 1. *Consello da Garda Civil.*

1. O Consello da Garda Civil é o órgano colexiado de participación de representantes dos membros do corpo da Garda Civil e da Administración xeral do Estado co fin de mellorar as condicións profesionais dos seus integrantes, así como o funcionamento da institución.

2. Os gardas civís poderanse dirixir directamente ao Consello da Garda Civil para formular propostas e suxestións sobre o réxime de persoal, sobre os seus dereitos e deberes, sobre o exercicio do dereito de asociación e sobre os aspectos sociais que os afecten. Este procedemento non resultará de aplicación ás peticións, queixas e recursos, que se tramitarán polo procedemento regulado no capítulo V do título X da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime de persoal do corpo da Garda Civil.

3. O Consello da Garda Civil estará adscrito á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, ben que non formará parte da súa estrutura xerárquica.

Artigo 2. *Funcións do Consello.*

Son facultades do Consello da Garda Civil:

1. Ter coñecemento e ser oído previamente nas seguintes cuestións:
 - a) Establecemento ou modificación do estatuto profesional e do réxime disciplinario da Garda Civil.
 - b) Determinación das condicións de traballo.
 - c) Réxime retributivo.
 - d) Programas de ensino e plans de formación da Garda Civil.
 - e) Réxime de permisos, vacacións e licenzas.
 - f) Plans de previsión social complementaria.
 - g) Asuntos que afecten outros aspectos sociais, profesionais e económicos dos gardas civís.
2. Emitir informe, con carácter previo, sobre as disposicións legais ou regulamentarias que se diten sobre as citadas materias.
3. Coñecer as estatísticas trimestrais sobre o índice de absentismo e as súas causas, sobre os accidentes en acto de servizo e enfermidades profesionais e as súas consecuencias, sobre os índices de sinistralidade, así como os estudos periódicos ou específicos que se realicen sobre condicións de traballo.
4. Analizar e valorar as propostas e suxestións presentadas polos gardas civís sobre o réxime de persoal, sobre os seus dereitos e deberes, sobre o exercicio do dereito de asociación e sobre os aspectos sociais que os afecten.
5. Colaborar coa Administración para conseguir o establecemento de cantas medidas procuren o mantemento e o incremento da produtividade.
6. Participar na xestión de obras sociais para o persoal, cando así o determine a normativa correspondente.
7. Recibir información trimestral sobre política de persoal.
8. Emitir no prazo de dez días o informe a que se refire o número 1 do artigo 64 da Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro, do réxime disciplinario da Garda Civil.
9. Analizar e valorar aquelas outras cuestións que, dentro do seu ámbito de competencia, lle sexan solicitadas polo ministro do Interior, o ministro de Defensa, o secretario de Estado de Seguridade ou o director xeral da Policía e da Garda Civil.
10. As demais que lle atribúan as leis e disposicións xerais.

Artigo 3. *Composición do Consello.*

1. Baixo a presidencia do ministro do Interior, ou persoa en quen delegue, integran o Consello da Garda Civil os vogais elixidos ou designados na forma que establece o número 1 do artigo 53 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, en representación dos membros do dito instituto e da Administración xeral do Estado.

Os representantes da Administración xeral do Estado serán designados preferentemente entre o persoal civil ou militar pertencentes aos departamentos ministeriais de Defensa e Interior que, por razón do cargo que desempeñen, resulten máis idóneos en atención á natureza das funcións asignadas ao Consello da Garda Civil e que pertencen a corpos ou escalas das administracións públicas clasificadas dentro do grupo A, subgrupo A1, dos previstos no artigo 76 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

2. Actuará como secretario do Consello o representante da Administración xeral do Estado que designe o presidente.

Artigo 4. *Duración do mandato.*

A duración do mandato dos representantes dos membros da Garda Civil será de catro anos, e poderán ser reelixidos en sucesivos procesos electorais.

TÍTULO I

Estatuto dos membros do Consello

CAPÍTULO I

Dereitos e deberes dos vogais

Artigo 5. *Do exercicio das funcións dos vogais.*

No exercicio das súas funcións, os membros do Consello gozarán dos dereitos e liberdades recoñecidos na Constitución e nas leis sen outras limitacións que as previstas no ordenamento xeral e as derivadas do seu estatuto profesional.

Artigo 6. *Competencia disciplinaria.*

A competencia disciplinaria sobre os gardas civís que sexan vogais ou suplentes do Consello da Garda Civil exercerase conforme o disposto na Lei orgánica 12/2007, do 22 de outubro.

Artigo 7. *Dereitos dos vogais do Consello que representen os membros da Garda Civil.*

Os vogais do Consello da Garda Civil, en representación dos membros da institución, terán os seguintes dereitos:

1. Libre circulación polas dependencias da súa unidade electoral, sen que entorpeza o normal funcionamento das correspondentes unidades.
2. Libre distribución de publicacións referidas a cuestións profesionais ou asociativas.
3. Acumulación nun dos membros da candidatura dos créditos de tempo, horas mensuais e permisos, logo de comunicación á Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil.
4. Non discriminación na súa promoción profesional por razón do desempeño da súa representación.

Artigo 8. *Dereitos e deberes relativos ao desenvolvemento das reunións do Consello.*

En canto ao desenvolvemento das reunións do Consello, os vogais terán os seguintes dereitos e deberes:

- a) Recibir a convocatoria, cunha antelación mínima de dez días para as sesións ordinarias e de tres días para as extraordinarias, coa orde do día das reunións, salvo que razóns de urxencia o impidan. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará á disposición dos membros no mesmo prazo da convocatoria.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito a voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- d) Formular suxestións e preguntas.
- e) Obter por conduto do secretario a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Concorrer ás reunións do Consello.
- g) Expresarse libremente no exercicio das súas funcións no Consello.
- h) Propor ao presidente, a través do secretario do Consello, a inclusión na orde do día dos asuntos que consideren oportunos.
- i) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

CAPÍTULO II

Perda da condición de vogal e substitucións

Artigo 9. *Perda da condición de vogal.*

1. Perderase a condición de membro do Consello da Garda Civil, en representación dos membros do corpo, por algunha das seguintes causas:

- a) Terminación de mandato.
- b) Renuncia.
- c) Pasar, durante o tempo de mandato, a situación administrativa diferente do servizo activo, ou cambiar de escala, salvo que o cambio sexa da escala superior de oficiais á facultativa superior ou da escala de oficiais á facultativa técnica.
- d) Perda da condición de membro da Garda Civil.
- e) Cando deixen de concorrer os requisitos legalmente establecidos para ser elector ou elixible.

2. Os representantes da Administración no Consello da Garda Civil cesan, por petición propia, aceptada polo ministro do Interior ou o de Defensa, segundo corresponda, ou por cesamento no posto de traballo que motivou o nomeamento como vogal. En todos os casos serán substituídos polos que, para tal efecto, sexan nomeados polo ministro do Interior ou o de Defensa, segundo corresponda.

Artigo 10. *Substitución de vogais representantes dos membros da Garda Civil.*

Cando, sen ter concluído o seu mandato, se produza a baixa definitiva dun vogal representante dos membros da Garda Civil, ocupará a súa vacante o candidato que ocupe o posto seguinte na lista respectiva, empezando polos titulares e continuando polos suplentes. Esta substitución publicárase no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

Artigo 11. *Ausencias puntuais e temporais dos vogais.*

1. En casos de ausencia ou de enfermidade e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, os vogais poderán ser substituídos por algún dos que figuren como suplente no seu respectivo ámbito de representación.

2. Nos supostos en que, de acordo coa lexislación vixente, os vogais representantes dos membros da Garda Civil, na súa condición de instituto armado de natureza militar, pasen a depender do ministro de Defensa ou queden integrados en unidades militares, serán substituídos, durante o citado período, nos seus cometidos como vogais do Consello, polo candidato que ocupe o posto seguinte na lista respectiva. Esta substitución publicárase no «Boletín Oficial de la Guardia Civil».

TÍTULO II

Órganos de goberno e administración do Consello

CAPÍTULO I

Do presidente

Artigo 12. *Funcións do presidente.*

1. Son funcións do presidente, ou da persoa que o substitúa, as seguintes:

- a) Desempeñar a representación do Consello nas relacións con outros órganos ou entidades e autorizar toda comunicación oficial deste.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e fixar a orde do día de conformidade co establecido no número 1 do artigo 23 deste regulamento.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
- e) Asegurar o cumprimento das leis.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do Consello.
- g) Designar os vogais que deban presidir as diferentes comisións.
- h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidente.

2. En casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou outra causa legal, exercerá a presidencia das sesións do Consello o representante da Administración de maior xerarquía, antigüidade e idade, por esta orde, de entren os seus compoñentes. En tales casos, incorporárase como vogal algún dos que figuren como suplente na orde da ministra da Presidencia, por proposta dos ministros de Defensa e do Interior, pola que se designasen os vogais en representación da Administración xeral do Estado no Consello da Garda Civil.

CAPÍTULO II

Do secretario

Artigo 13. *Secretario do Consello.*

No Consello da Garda Civil actuará como secretario o representante da Administración xeral de Estado que designe o presidente.

O secretario, en supostos de vacante, ausencia ou enfermidade, será substituído por quen designe o presidente, de entre os representantes da Administración xeral de Estado.

Artigo 14. *Funcións do secretario.*

1. Corresponde ao secretario.

- a) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello por orde do presidente, así como as citacións aos seus membros.
- b) Recibir os actos de comunicación dos membros co Consello e, por tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- c) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
- d) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- e) Despachar co presidente, coa periodicidade que este determine e sempre que o requira, a boa marcha dos asuntos do Consello.
- f) Propor ao presidente a orde do día e preparar a documentación necesaria para esta.
- g) Someter anualmente ao Pleno, a través do presidente, unha memoria de actividades do Consello.
- h) Custodiar os libros de actas, unha vez asinados co visto e prace do presidente do Consello, así como calquera outra documentación relativa ao Consello.
- i) Prestar o apoio necesario para lograr a coordinación dos traballos do Consello e das comisións.
- j) Recibir e tramitar as solicitudes a que se refire a letra e) do artigo 8 deste regulamento.
- k) Recibir, xustificar a súa recepción, rexistrar e tramitar as propostas ou suxestións do persoal do corpo.
- l) Actualizar, documentar e agrupar por asuntos as propostas e suxestións a que se refire a letra anterior, todo isto coa finalidade dun mellor estudo por parte do Consello.
- m) Elevar ao presidente a proposta relativa aos medios persoais e materiais necesarios para o funcionamento interno do Consello.
- n) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario ou lle sexan atribuídas polo presidente.

2. Existirá unha Oficina de Apoio, dependente da Subdirección Xeral de Persoal da Garda Civil, que auxiliará o secretario en todas as funcións recollidas no punto anterior e realizará, ademais, as funcións que lle atribúe este regulamento. O xefe da Oficina de Apoio será da categoría de oficiais da Garda Civil e a súa designación axustarase ao sistema de provisión de destinos previsto no dito corpo.

TÍTULO III

Funcionamento do Consello da Garda Civil

CAPÍTULO I

Do Pleno e as comisións

Artigo 15. *Pleno e comisións.*

O Consello da Garda Civil, para o desempeño das súas funcións, funciona en pleno e en comisións.

Artigo 16. *O Pleno.*

O Pleno, integrado polo presidente e os demais vogais, é o máximo órgano de deliberación e decisión do Consello.

Artigo 17. *Cometidos, constitución e composición das comisións.*

1. Poderanse constituír comisións no Consello da Garda Civil coa función de emitir informe, con carácter previo, sobre as disposicións legais ou regulamentarias que se diten

sobre as materias da súa competencia. Unha vez emitido informe sobre elas, elevaranse ao Pleno para a súa consideración antes de proseguir a tramitación. A composición destas comisións e os criterios para a designación do seu presidente e dos restantes membros realizarase de acordo ao establecido nos números 3 e 4 deste artigo.

2. A constitución e disolución das comisións aprobaraa o Pleno, e especificarase se estas terán carácter temporal ou permanente.

3. O presidente do Consello determinará o vogal representante da Administración xeral do Estado que desempeñará a presidencia de cada unha das comisións que se establezan. Actuará como secretario das comisións o que o sexa do Consello.

4. As comisións estarán compostas, ademais de polo presidente e o secretario, polos vogais, sen que, con carácter xeral, o número destes últimos supere os dous quintos do total de vogais que integran o Consello. Serán designados polo presidente os correspondentes á Administración xeral do Estado, de maneira proporcionada á súa representatividade no Pleno, e os correspondentes ás asociacións profesionais e agrupacións electorais por elas mesmas, respectando igualmente a súa representatividade no Pleno.

5. O voto de cada unha das asociacións profesionais e agrupacións electorais contabilizará de igual forma que no Pleno e a suma dos votos de cada unha das representacións, xa sexa a correspondente á Administración como á de membros da Garda Civil, deberá resultar igual ao número de vogais con que contan no Pleno do Consello, respectivamente.

Artigo 18. *Comisión preparatoria.*

1. O Consello contará cunha comisión preparatoria das reunións do Pleno, que se reunirá con carácter previo á realización das sesións ordinarias do Consello, coa función de analizar as propostas e suxestións formuladas polos gardas civís en relación ás materias referidas no ordinal cuarto do artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro. Así mesmo, esta comisión poderá propor ao presidente do Consello asuntos que formen parte da orde do día das sesións do Pleno.

A composición desta comisión preparatoria e os criterios para a designación dos seus membros realizarase de acordo co establecido neste artigo e no número 4 do artigo 17.

2. A presidencia será desempeñada polo secretario do Consello e actuará como secretario, con voz pero sen voto, o xefe da Oficina de Apoio.

Artigo 19. *Funcionamento das sesións das comisións e informes.*

1. As sesións das distintas comisións que se constitúan de acordo co establecido no presente capítulo rexeranse, en canto ao seu funcionamento, no que lles sexa de aplicación, polo establecido para o Pleno neste regulamento.

2. Os presidentes das comisións darán conta ao Pleno do Consello da marcha e resultado das súas actividades e cometidos, así como dos informes emitidos.

CAPÍTULO II

As sesións do Pleno

Artigo 20. *Sesións ordinarias.*

As sesións do Consello da Garda Civil poderán ser ordinarias e extraordinarias.

O Consello reunirse en sesión ordinaria, para o despacho dos asuntos da súa competencia, polo menos, unha vez cada tres meses.

Artigo 21. *Sesións extraordinarias.*

1. O Consello reunirse en sesión extraordinaria cando o convoque o seu presidente, por iniciativa propia ou por solicitude dunha terceira parte dos vogais do Consello, que se

deberá realizar mediante escrito dirixido ao presidente en que se incluírán os asuntos que se van tratar e a proposta da orde do día, xuntando os documentos que para tal fin sexan precisos.

2. As sesións extraordinarias que se realicen por solicitude dunha terceira parte dos vogais do Consello terán lugar, cando isto sexa posible, no prazo máximo de 15 días desde a presentación da solicitude.

Artigo 22. *Convocatoria de sesións.*

A convocatoria deberá conter:

- a) Lugar, día e hora da reunión e, se for o caso, da correspondente á segunda convocatoria.
- b) Orde do día.
- c) Información sobre os asuntos que figuran na orde do día.
- d) Se for o caso, borrador da acta da sesión anterior.

Artigo 23. *Da orde do día.*

1. A orde do día contida na convocatoria da sesión será fixada polo presidente, tendo en conta, se for o caso, a proposta da comisión preparatoria.

2. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, salvo que estean presentes todos os membros titulares ou os seus substitutos do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

3. En todo caso, os documentos sobre os que deba coñecer o Consello en cada sesión deberán encontrarse na Oficina de Apoio ao Consello á disposición dos vogais, desde a data da convocatoria até que teña lugar a sesión, para que os poidan examinar coa antelación necesaria.

Artigo 24. *Quórum de constitución.*

1. Para a válida constitución do Consello, para efectos da realización de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do presidente e do secretario ou, se for o caso, dos que os substitúan, e a da metade, polo menos, dos seus membros.

2. Poderase convocar en segunda convocatoria coa presenza do presidente e do secretario ou, se for o caso, dos que os substitúan, e un quórum inferior ao establecido no número anterior.

CAPÍTULO III

O modo de deliberar e adoptar acordos

Artigo 25. *Deliberacións.*

1. Compete ao presidente moderar as deliberacións e debates. Poderá establecer o tempo máximo de discusión para cada cuestión, así como o que corresponda a cada intervención.

2. O presidente poderá suspender brevemente a sesión, para que unha ou as dúas representacións integrantes do Consello deliberen por separado, cando se considere necesario o intercambio de puntos de vista, a aclaración de aspectos dubidosos ou a fixación de posturas comúns.

En calquera caso, as deliberacións por separado de cada unha das representacións non se considerarán actuacións do Consello e soamente se fará constar na acta a indicación do seu resultado, cando se expoña este, unha vez reemprendida a sesión.

Artigo 26. *Forma de adoptar acordos.*

Os acordos do Pleno adoptaranse mediante votación que poderá ser por asentimento ou ordinaria.

Entenderanse adoptados mediante voto por asentimento as propostas formuladas polo presidente cando, unha vez enunciadas, non susciten reparo ou oposición.

Se existise reparo ou oposición, os acordos someteranse a votación ordinaria que se realizará de acordo co establecido para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En ningún caso poderán ser votados asuntos ou adoptados acordos que non estean incluídos nas funcións atribuídas ao Consello.

CAPÍTULO IV

Da acta da reunión

Artigo 27. *Acta da reunión.*

1. De cada sesión que realice o Consello da Garda Civil o secretario elaborará e asinará a acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que tivo lugar, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

2. Na acta figurará, por solicitude dos respectivos membros do Consello, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto, ou no prazo que sinala o presidente, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia a ela.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, se for o caso, poida derivar dos acordos.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión. O secretario, non obstante, poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptasen, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.